



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE XINZO DE LIMIA PARA O ACONDICIONAMENTO DA OU-531 (AVENIDA DE CELANOVA), A MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS E RACIONALIZACIÓN DA REDE VIARIA DE TITULARIDADE AUTONÓMICA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestructuras, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestructuras ten previsto formalizar co Concello de Xinzo de Limia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestructuras e o Concello de Xinzo de Limia para levar a cabo as obras de mellora do treito máis urbano da OU-531 (Avenida de Celanova), o acondicionamento de varios viais municipais que se configuran como viario de circunvalación de Xinzo de Limia, a renovación das beirarrúas da Avenida de Madrid (N-525), o cambio de titularidade de dous treitos de estradas autonómicas ao Concello de Xinzo e o cambio de titularidade dun treito de vial municipal, que se acondiciona e pasa a ser titularidade autonómica.

Esta actuación é complementaria á propia idea básica e intrínseca da estrutura elemental da calzada e da infraestrutura viaria. A consideración de complementariedade, xunto coa necesidade dunha actuación en materia de seguridade viaria, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello de Xinzo de Limia ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestructuras.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.





Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, Plan MOVE, contempla como unha das súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 18 de setembro de 2018

